

Proxecto piloto de
producción de castaña
nas Neves

Páxina 3

Ponteareas aproba o
maior orzamento da
súa historia

Páxina 8

Arbo estrea sendeiro
no río Deva

Páxina 9

O consorcio do Louro
prestará o servizo de
baleirado de fosas
sépticas domésticas

Páxina 14

Salceda solicita unha
segunda escola infantil

Páxina 17



240 nenas e nenos do Porriño participaron nos campamentos de verán

Páxina 9

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

A zona azul de Ponteareas comeza a funcionar cun período informativo no que non se producirán sancións

A partir do 1 de setembro será obrigatorio o cumprimento da Ordenanza reguladora do estacionamento de zona azul

A concellería de Seguridade Cidadá do concello de Ponteareas informa que os parquímetros da zona azul xa están operativos e durante o mes de agosto procederase a un período de adaptación e información no que non se producirán denuncias por infraccións á Ordenanza de zona azul.

A partir do día 1 de setembro será obrigatorio o cumprimento da Ordenanza reguladora de estacionamento de zona azul polo que a Policía Local poderá denunciar a todos os vehículos que cometan infraccións á mesma, sendo obrigatorio a colo-

cación do ticket nun lugar visible do vehículo.

O horario da zona azul será de 09:00 a 14:00 horas tódolos días laborais, agás domingo e festivos e permitirase aparcarse nesta zona unha hora e media ao día totalmente de balde.

Cinco dos seis parquímetros comezarán a funcionar nos vindeiros días mentres que o parquímetro nº6, ubicado na confluencia das rúas Vidales Tomé e Emilio Rodríguez, será posto en funcionamento con posterioridade.

De doado manexo tan só haberá que premer o botón verde, marcar a matrícula do

vehículo e volver premer o botón verde para proceder á retirada do ticket e colocalo no parabrisas.

Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o estacionamento e non poderá volver aparcarse durante o horario establecido para limitación de estacionamento durante esa xornada.

A zona Azul seguirá sendo de balde e nos parquímetros expedirase un ticket no que figure o número do expendedor e os datos do vehículo así como a hora de comezo e remate do estacionamento.

Para asegurar a rotación e bo funcionamento da zona azul no ticket incorpórase o número do expendedor que identifica cada parquímetro.

Os cinco parquímetros xa



existentes manteráanse na mesma ubicación (praza Bugallal, rúa Reveriano Soutullo esquina Avda Constitución, Morales Hidalgo (auditorio), rúa Arxentina e rúa Perillana (esquina praza de abastos).

Nos vindeiros meses é posible que se engada un tramo horario pola tarde para que tamén se produza a desexada rotación.

A zona azul ten como obxectivo dinamizar as zonas de aparcamento e que toda a veciñanza teña a oportunidade de achegarse ao centro urbano para realizar as súas compras

e xestións.

Para a concelleira de Seguridade Cidadá a zona azul garante máis axilidade e maior oportunidade de aparcamento quedando as zonas de aparcamento municipal, que se atopan no perímetro do centro a unha distancia inferior a cinco minutos andando, para aqueles vehículos que precisen estar estacionados un longo prazo de tempo.

A cidadanía poderá atopar trípticos informativos na casa do concello, na biblioteca, nas dependencias da Policía Local e nos comercios do centro urbano.

Óptica mahen
mahen audióprótesis
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

AS NEVES

Proxecto piloto de produción de castaña na provincia, nas Neves



A presidenta da Deputación, Carmela Silva, acompañada do alcalde das Neves, asinou o convenio de colaboración coa Asociación de Desenvolvemento Rural Ódaga para o fomento da produción de castaña na provincia de Pontevedra que este ano, sobre todo, estará centrado no concello do Condado tras a vaga de lumes que converteu o municipio na zona cero da catástrofe do pasado outubro. En total, a institución provincial vai achegar 35.000 € a través dos cales se porá en marcha un proxecto piloto e un programa formativo a través do cal se darán a coñecer as posibilidades da produción, cultivo e comercialización da castaña en terreos agroforestais da provincia de Pontevedra durante o último semestre do 2018.

Máis polo miúdo, o convenio porá en marcha unha experiencia piloto que consistirá no establecemento dunha parcela demostrativa para o cultivo da castaña no concello das Neves, que terá unha superficie de unha hectárea de cultivo e que estará executada no mes de decembro. Ademais, propónse un deseño de plantación e un manexo da mesma que servirá como modelo piloto para a súa replicación a escala produtiva en toda a provincia

de Pontevedra.

Neste senso, o alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, manifestou que esta sinatura por parte da Deputación significa "unha clara manifestación de vontade nun aspecto de recuperación medioambiental nunha determinada área, ademais de establecer un mecanismo de valoración do chan de tal maneira que a recuperación ambiental signifique tamén unha recuperación económica para o entorno". Ademais, Rodríguez Méndez aproveitou para agradecer á institución provincial e aos partícipes neste proceso por contar co Concello das Neves.

Xunto a esta experiencia piloto, a través do convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación de Desenvolvemento Rural Ódaga vanse realizar unha serie de accións de formación dirixidas a persoas propietarias forestais, comunidades de montes veciñais en man común e cooperativas agrarias da provincia sobre as posibilidades de produción, cultivo e comercialización da castaña como alternativa de aproveitamento en terreos agroforestais. Estas formacións, que se levarán a cabo nas Neves e en dous concellos da comarca O Condado-A Paradanta, incluírán aspectos

como o uso de planta resistente á enfermidade da tinta do castiñeiro, poda e manexo das plantacións de castiñeiro, produción ecolóxica e aspectos legais das plantacións; nocións sobre plantacións de castiñeiro orientadas a froito, a madeira e mixtas, así como nocións sobre enxertos, portaenxertos, variedades autóctonas de castaña e produtores híbridos; manexo fitosanitario das plantacións de castiñeiro de froito; identificación de patoloxías, medidas culturais e preventivas e de loita química e biolóxica e comercialización e modelos cooperativos e de agrupación de propietarias e propietarios para a produción e venda agrupada de castaña de calidade.

Carmela Silva quixo poñer en valor este froito seco, achegando datos económicos. Así, a presidenta da Deputación de Pontevedra destacou que "Galicia é a rexión líder en produción de castaña con preto de 38.000 hectáreas en produción, que xeran 25.000 toneladas ao ano deste froito e un valor de 40 millóns de euros en fresco". Tamén afirmou Silva que "aproximadamente 10.000 persoas galegas venden castañas e o 90 % da súa produción vai a mercados exteriores, de feito mais de 60 países do mundo comen castaña galega".

O Concello das Neves ten serios problemas de persoal por mor dun erro da Xunta

As pequenas obras de mantemento e a limpeza de espazos públicos estánse retrasando meses por este motivo



A previsión habitual e, portanto, a do goberno nacionalista e socialista era contar con alomenos cinco persoas máis dende finais de maio ou inicios de xuño para atender a pequenas obras de mantemento e a limpeza de espazos e viais públicos. A Xunta de Galicia, nun primeiro momento, denegou a subvención para a contratación de persoas perceptoras de Risga. Logo foron precisos un recurso do letrado do Concello e varias reunións para que finalmente se conseguira dar a razón a As Neves, coa aínda sorprendente aclaración de que a contratación non se poderá efectuar ata finais de setembro.

O Concello das Neves quere mostrar públicamente o seu

descontento con esta xestión da Xunta que está a causar problemas a toda a veciñanza nevese ou nevesa, as persoas actuais traballadoras e as que poderían selo mediante estas contratacións.

Algún do persoal actual incluso está a decidir, por responsabilidade, pospoñer a totalidade ou parte das súas vacacións por esta circunstancia, para así minimizar o impacto na veciñanza.

De calquera xeito, a po-boación non ten que preocuparse pola prestación de servizos básicos esenciais como son o abastecemento de auga e o tratamento do lixo que están totalmente garantidos.

1975

Restaurante

Casa Calvino

Gastronomía tradicional

Lamprea a la berdalés (en su salsa)

Lamprea ahumada (rellena y adobada)

Angulas - Cabrito lechal

Diversidad de vinos de calidad

Queso del Pazo, 34

986 648 040

36440 AS NEVES

info@casacalvino.es

Cooperativa Condado Paradanta

36440 As Neves - Pontevedra

Tel: 986 664 602 / 629 813 675

comercial@requesonymiel.com

www.requesonymiel.com

CONDADO / PARADANTA

Conclúe a 1ª fase da mellora da seguridade viaria na estrada de Cillarga

A concellería de Vías e Obras que dirixe a tenente de Alcalde, Chus Garrote, conclúe as obras da primeira fase do proxecto de mellora da seguridade viaria en Cillarga, Cumiar, Ribadetea, e Mouro, en Padróns.

Cun orzamento total de 89.978,74€, dos que o concello asume 18.640,32€ e o resto con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, estas obras dan resposta ás necesidades de 220 veciños e veciñas que residen nestas zonas.

Asfaltado, limpeza de cunetas, canalizacións de augas, sinalización e pintado son algunhas das obras que se acometeron nestes viais.

Para a Tenente de Alcalde o caso da estrada de Cillarga supuña xa unha actuación de emerxencia xa que ese tramo estaba completamente intransitable. “Dado o elevado custe da mellora de toda a estrada Cillarga-Areas,



procedeuse a comezar nunha primeira fase polo tramo que enlaza o núcleo de Cillarga no que viven 78 veciños e veciñas coa estrada de Ribadetea para acometer obras no resto do vial en seguintes fases”.

Deste xeito, a veciñanza do barrio de Cillarga conta xa cunha estrada cómoda logo de moitos anos de abandono e deixadez de gobernos anteriores nos que foron perdendo calidade nas vías de

comunicación converténdose a existente nunha boa parte nun camiño de terra no que os tramos asfaltados succedense con zonas de buratos fondos que obrigan transitar a velocidade moi baixa.

A boa relación entre as distintas administracións e o saneamento económico do concello permite agora ir dando resposta a todas as demandas veciñais que durante anos estaban arquivadas no caixón.

O Club Ciclista Ponteareas terceiro no Gran Premio la Sardina de Asturias

O clube ciclista desprazouse ata Asturias para participar o XXVI Gran Premio La Sardina, proba clasificatoria do AsturCantabro, celebrado en Candas.

Participaron os cadetes do Clube, Manuel Rodríguez, vixente campión de España, Jorge Fernández, Miguel Suarez e Pablo Rodríguez.

Manuel Rodríguez conseguiu facerse co cuarto posto e xunto cos compañeiros lograron clasificarse terceiros como equipo, medíndose a importantes escuadras do ciclismo nacional.

No fin de semana anterior



os máis pequenos do club foron a Salcedo, Pontevedra, para

participar en Minibtt onde conseguiron varios podiums.

Ponteareas recupera a festa de San Roque



A concellería de Cultura do concello de Ponteareas, que dirixe Hortensia Bautista, quere recuperar a tradición das festas de San Roque e convida a toda a veciñanza a participar neste primeiro ano de recuperación na que volverán ao presente os xogos tradicionais para toda a familia.

Este venres día 17 a veciñanza de San Roque viaxará trinta anos atrás para rescatar o tradicional xogo do “pau de sebo” que hai anos supuña un atractivo para toda a comarca que se achegaba ao barrio para ver a competición tanto na modalidade horizontal como vertical. Co obxectivo de chegar ao fin do pau os e as participantes deberán facer gala da súa habilidade camiñando por un pau untado con sebo.

A concellería de Cultura entregará tres premios cun sabor tamén tradicional que rememora os entregados naqueles tempos. Un xamón para o gañador/gañadora, unha cesta de produtos de alimentación para o segundo posto e unha cesta de froitas para o terceiro clasificado. Os par-

ticipantes deberán ter un mínimo de 16 anos e poderán inscribirse no propio momento

A partir das 17:00 horas haberá xogos populares para os máis pequenos e pequenas. Deste xeito as carreiras de sacos, o xogo da rá, a petanca e o xogo da corda, entre outros entretementos, volverán ao parque de San Roque.

A charanga Os Imperiais amenizará a xornada de tarde e o conxunto musical Arte porá música á noite de San Roque na que a veciñanza celebrará un xantar popular. As familias compartirán manta, colcha e mantel e tamén as delicias caseiras nunha cea na que lembrar vellos tempos. O concello convidará aos presentes a rosquillas e haberá un posto no que mercar as bebidas.



■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



Daquí, dalí e dacolá

Vivimos momentos especiais. Temos un goberno do Estado que non saíu das urnas senon das togas. Un fenómeno curioso que non estaba previsto na lei electoral aínda que dalgún xeito fora contemplado nas suas entrañas.

Pedro Sanchez subiuse ao machito e agora canta dende o minarete. Claro que a Oposición non lle da tregua pero el, curtido das guerras internas no seu propio partido, aplica aquel principio de Camilo José Cela, “resistir é vencer”. De momento aí está desafiando as leis electorais. Cun escaso grupo parlamentario desafia ao resto. Parte do principio un tanto lóxico pero en política moi pouco usado de que España precisaba un goberno que non fora citado nos xulgados.

Como non teñen moito por onde atacar, os dous partidos da dereita (da moderada e da brava, aínda que agora os dous están bravos) colleron cacho nos problemas dos emigrantes e dos manteros. Curiosos temas. Un que nos recorda os tempos en que nós, sobre todo os galegos, fomos carne de emigración; outro que nos pon diante dos fuciños as miserias das que somos dalgún xeito responsables: como viven millóns de seres humanos nos países da nosa contorna.

Claro que a Pablo casado ou a albert rivera iso dalles igual; aquí o que importa é ir segándolle a herba debaixo dos pés ao novo Presidente, non vaia ser que se afiance demasiado e cando queiramos botalos xa sexa tarde.

Pablo Casado ten, ademais, outro problema engadido, que non é, precisamente, de menor calado: unha xuíz Rodríguez Medel que o ten

contra as cordas polo famoso “master” que non se sabe se fixo ou non fixo. Polo de pronto o suplicatorio para xulgalo xa está no Supremo por ser aforado. En setembro sabermos algo.

Tería gracia que o PP despois dunha loita a cara de can entre os candidatos a suceder a Rajoy, logo de apostar polo cachorro máis salientable, tivera que voltar á parrilla de saída para encetar unha nova carreira para elixir novo Presidente e todo o que iso comporta. Desbotaron a Soraya Sainz de Santa Maria porque lles parecía algo mandona. Esta viña deixando cadáveres políticos ao seu paso polo

ser así menudo tortazo se pegarían os populares días antes de comezar unha campaña para as eleccións municipais.

Albert Rivera non o está pasando mellor, precisamente. Xa se daba cun canto na boca porque ía nas enquisas en ascenso a toda máquina. Atopouse cun Pedro Sánchez que lle adiantou pola esquerda e deixouno en fora de xogo. Agora ten dúas fronteas abertas: unha seguir coméndolle terreo aos populares e outra evitar que os socialistas se encariñen co seu novo Xefe de filas e se fagan cun anaco importante da tarta política deste

Pais. Tamén lle queren dar caña co tema de aproximar aos presos de ETA aos cárceres do País Vasco. Algo contemplado nas leis penitenciarias e que xa aplicou Aznar en tempos en que ETA aínda mataba. Aquí vese a falta de rigor político, por non dicir a falta de vergoña, dun dirixente que ataca aquilo que o seu Xefe de filas fixo cando gobernaba.

Algo polo que deberíamos repudialo politicamente. Non é así; os seus so ben se iso se fve para deter o progreso do contrario; pouco importa se é verdade, se é decente mantelo ou non.

Albert Rivera neste tema utiliza unha a cantinela dos pagos que Sánchez ten que facer ao PNV polo seu apoio na moción de censura.

Dous temas importantes están sobre a mesa do Goberno nestes momentos:

os emigrantes e Cataluña, sen esquecer a falta de apoios para sacar os orzamentos do vindeiro ano adiante.

Cos emigrantes comezou cunha decisión efectista que agora lle critican, pero que lle viu de perlas para entrar de cheo nos problemas actuais da UE. En poucos meses tense destacado máis en Europa que o fixera Rajoy en todo o tempo que gobernou. Pedro Sánchez fíxose imprescindible para o núcleo duro da UE, en cambio Rajoy viaxaba a Bruxelas a recibir ordes.

Co tema de Cataluña tampouco vai mal encamiñado. Polo de pronto xa conseguiu baixarlle os fumes aos independentistas. Non é que estes deixaran de selo, porque iso é algo ao que teñen dereito e non van a renunciar, pero conseguiu convencelos, polo menos a unha parte deles, que era mellor levarse ben con Madrid que andar a sopapos xudiciais día sí e día non.

Nuns días vai acompañar ao Monarca a Cataluña co gallo da homenaxe ás vítimas do terrorismo. Unha papeleta seria, veremos como sae do apuro. Para un socialista apoiar a unha monarquía, supostamente corrupta, non debe ser prato de bon gusto. Pero xa o dixera Churchill, “a política consiste en erguerse cada mañá disposto a tragarse un sapo”.

Claro que hai millóns de seres vivos que se erguen cada mañá e non teñen nen sequera ese sapo que levarse á boca.

Como ben o patio está suficientemente revoltado como para que poidamos aburrirnos. Claro que o espectáculo que nos ofrecen resulta demasiado deprimente na maioría das veces.

Sexan felices se poden!!



goberno, algo así como lle pasou a Alfonso Guerra cando seu irmán tivo problemas. Miguel Roca espetoulle non Congreso, como quen non quere a cousa, “es que vd. tiene muchos enemigos aquí dentro”.

Claro que se Pablito fora descaibalgado do Poder da Presidencia o problema sería marrocotudo. Tal vez Soraya e o seu equipo reclamaran o seu primeiro posto nas primarias. De



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursos espanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

Ponteareas contrata o primeiro plan director de saneamento para todo o concello

O goberno de Ponteareas contrata o plan director de saneamento, o primeiro plan que guiará as futuras accións nesta área para actuar con previsión e organización e non con melloras improvisadas que non dean solucións a longo prazo como se viña facendo ata a data.

O plan director, financiado con cargo ao Plan Concellos marcará a folla de ruta para dar solución aos case 8.000 veciños e veciñas que neste momento carecen deste servizo público básico.

Este proxecto marcará os investimentos e actuacións que nos vindeiros anos se deberán realizar para que toda a veciñanza coñeza as previsións de coste, financiamento e en que anos se realizarán as obras e saber en que momento poderán contar con este servizo por iso unha vez rematado será presentado á veciñanza das parroquias.

Este plan xa se está realizando coa empresa que nestes intres redacta o proxecto “Es-

tudo de alternativas e redacción de proxectos para a mellora do saneamento do casco urbano e aglomeracións limítrofes de Ponteareas e da EDAR de A Moscadeira” comprometido pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

O plan director nace coa finalidade de dar solución aos problemas crónicos de saneamento e contaminación dos acuíferos e do río Tea, sendo a primeira vez que se está realizar un proxecto que contempla o estudo das augas claras dende o Pedra de Auga á depuradora, que ademais prantexará solucións de depuración con sistemas máis eficientes e ecolóxicos e que se estudará detalladamente as propostas máis axeitadas para a realidade do rural en Ponteareas.

O plan director de saneamento consiste na planificación e programación razoada do servizo tendo en conta a realidade territorial actual e o planeamento urbanístico.

Este plan servirá de progra-



mación operativa e non precisa ter unha tramitación específica condicionada por outras administracións servindo como marco Xeral para o futuro.

Para este plan, deberase trasladar a un sistema de información xeográfica (SIX) os datos topográficos da rede proporcionados polo concello para crear un modelo topolóxico da rede tras comprobar in situ a rede primaria de colectores. O plan director, que se realizará seguindo as determinacións técnicas da Confederación Hidrográfica Miño-

Sil (CHMS) establecerá tamén as principais problemáticas da rede actual e coordinarase cos traballos que desenvolve a CHMS no casco urbano de Ponteareas definindo aquelas parroquias susceptible de enviar as Augas residuais á nova rede principal definida nos proxectos a realizar pola CHMS.

Este plan detallará de xeito pormenorizado e particular a eliminación de intrusionés e infiltracións, programas de atenuación de auga de drenaxe e pluviais e outras actuacións para a sustentabilidade do

sistema. Tamén deberá abarcar un programa de mantemento e conservación, centrado na prevención e inspección da rede.

En definitiva, o plan director aportará un documento de diagnóstico e outro de programación que permita actuar de xeito ordenado e acertado no entramado da rede de saneamento.

Para o Alcalde, Xosé Represas, este plan director marca a diferenza no xeito de traballar, pasando de solucións puntuais esporádicas a actuacións organizadas que se vaian sumando para conseguir unha rede de saneamento estruturada e ben pensada.

“Para rematar con obras que dan solucións no momento pero que non resolven a longo prazo é necesario un documento como o plan director no que se detecten todas as necesidades e os erros cometidos e se aporten solucións á medida que xeneren unha auténtica rede de saneamento planificada buscando a eficiencia e a sostibilidade”.

Esquerda Unida abstívose para permitir a aprobación do orzamento

Esquerda Unida considera que aínda que os orzamentos non son os que faría esta organización, unha vez recollidas as súas peticións e avanzado na elaboración da RPT, tiña o deber de permitir a aprobación dos mesmos para non entorpecer o funcionamento do Concello.

Así, en relación ás solicitudes feitas por EU, pódese dicir que están recollidas. Sobre o da cociña municipal, reservanse 5.000 euros para facer un estudo de viabilidade. Certamente o que solicitou

EU foi que se puxera en marcha esta cuestión, pero tamén é certo que non está de máis facer previamente un estudo de viabilidade.

Sobre a reserva de crédito para a amortización das prazas de taxi, non se contempla unha partida específica, pero si que se reservan, na proposta que irá a pleno, 36.000 euros para esa cuestión. Unha cifra un tanto pequena, pero que vale para començar a dar solución ao problema. Agora o que toca é facer o máis cedo posible o mecanismo para em-

pregar eses 36.000 euros.

A maiores tamén se pode dar en parte cumprida a existencia de EU de que antes de aprobar os orzamentos se avanzara na confección da RPT do Concello. A día de hoxe intensificáronse as reunións e a negociación do documento está próxima de chegar a acordo, aínda que isto non é seguro.

É certo que hai cuestións nos orzamentos que EU non comparte, como o aumento en 28.000 euros das partidas adicadas a publicidade e pro-

paganda, o aumento de 23.000 euros da partida adicada ao Corpus ou a creación dunha partida de nada menos que 70.000 euros no programa de urbanismo para realizar proxectos a través de empresas externas. Máis esta organización considerou que debía permitir a aprobación destes orzamentos para que se pudesen habilitar os créditos necesarios para facer fronte ás inversións previstas dentro do programa EDUSI e para o normal funcionamento do Concello.

ACIP abandona o pleno

O grupo municipal de ACIP abandonou o Pleno unha vez rematado o punto dos orzamentos en protesta pola falta de respecto do goberno ao convocar un pleno no mes de agosto cando se tiña acordado que neste mes non habería plenos.

O grupo presentou enmendas para incrementar as axudas a casas de cultura, agrupacións culturais, deportes e asociación de alfombristas así como para crear 2 plazas de Grumir Bombeiros, convocar 8 plazas vacantes de policía local e incrementar a partida de amortización de licencias de taxis.

O goberno aproba o maior orzamento da historia de Ponteareas

O goberno de Ponteareas procedeu hoxe á aprobación inicial dos orzamentos para o ano 2018 cos votos en contra da oposición do Partido Popular e ACIP. Esquerda Unida coa súa abstención facilitou a aprobación inicial dun orzamento histórico pola súa cuantía e capacidade de investimento.

O orzamento, que suma un total de 16.936.298,83€, marca un antes e un despois na historia económica do concello, consolidan a liña de actuación marcada hai tres anos, tempo no que se rematou coas débedas millonarias arrastradas durante décadas por gobernos da dereita e sitúan a Ponteareas na solvencia económica.

Os investimentos xa incorporados nos orzamentos suman un total de 3.045.067,61€ e son financiados fundamentalmente coa subvención de fondos europeos da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable".

O alcalde remarcou unha das



novidades do orzamento, a incorporación dunha partida de 150.000 euros para conceder axudas a traídas veciñais de augas, de modo que serán subvencionables "as obras prioritarias de novas captacións e depósitos ás comunidades veciñais que sufriron en maior medida as consecuencias da seca no verán e outono pasado".

Entre as partidas máis destacadas fixo fincapé a relevancia que se lle da a priorizar o gasto social que suma un total de 2.692.784,62€ nas diferentes

liñascoservizos sociais, a residencia de maiores, a axuda no fogar, o centro Asprodicoou a escola infantil entre as prioridades. O goberno volveu incrementar a partida para as axudas de emerxencia social que subirá ata os 120.000 euros, cifra que multiplica a destinada no ano 2014, último ano de goberno do PP.

Outra das partidas económicas creadas polo actual goberno de Ponteareas para apoiar familias con menos ingresos é a das axudas para libros e material

escolar que por importe de 21.000 euros serve de apoio a máis de 200 familias.

Pola súa parte, Educación e Cultura suman un total de 2.305.070,96 euros que se investirán no Conservatorio, centros educativos, biblioteca, auditorio e as actividades festivas e culturais. Outra das partidas de gasto corrente máis relevante; o servizo de limpeza viaria, recollida do lixo e tratamento en SOGAMA, suma un total de 1.650.000 euros.

Entre outras medidas que recolle este documento está a conxelación de taxas e impostos con rebaixas relevantes como a do imposto de construcións e reformas que foi do 80%. "Son uns orzamentos que garanten a estabilidade económica municipal e sitúan ao Concello de Ponteareas na mellor situación da súa historia para afrontar os grandes retos de investimentos que ten pendente Ponteareas e que a partir xa deste ano pode acometer con garantía e sol-

vencia económica".

Entre os acordos ligados aos orzamentos e tendo en conta acordos plenarios e aportacións de Esquerda Unida, figura a previsión de financiación do incremento salarial dos traballadores municipais, pendente de concretar xa que a negociación aínda está aberta e que se financiará con cargo a unha parte das vacantes de persoal.

Outro dos acordos é a previsión de amortización de licencias de taxi que contará cunha previsión de 36.308,50€, partida que se financiará tamén a cargo das prazas vacantes de persoal.

Contéplanse incrementos do 25% para as axudas para Casas Culturais e clubs deportivos que pasan dos 80.000 euros a 100.000 euros a suma das dúas liñas de axudas" matizou o Alcalde de Ponteareas.

En 2018 destinarase máis de 500.000 euros ao pago de sentenzas xudiciais por débedas e préstamos.

O Partido Popular critica o endebedamento que produce este orzamento

PP valora negativamente o orzamento 2018 inicialmente aprobado polo endebedamento que volve a crecer e polas irregularidades cometidas na súa tramitación.

Estas son as declaracións que nos fai chegar a súa voceira Belén Villar:

"A valoración que dende o PP facemos do Orzamento 2018 é negativa porque endebedase a este Concello durante os próximos 8 anos con máis de 1 millón de euros en préstamos e cun desequilibrio de máis 827.000 euros que van a gastar por enriba do que o concello pode, co cal suporá outro endebedamento a maiores que se deberá solucionar nun futuro.

Este presuposto chega tarde xa que non estará aprobado definitivamente ata o último trimestre deste ano e non da solución as cuestións prioritarias de Ponteareas, pero para o Goberno o único obxectivo é dar cobertura a facturas que xa gastaron, contratos "a dedo", compromisos que asumiron sen crédito e outras moitas cuestións.

O PP no Pleno advertiu que moitos dos contratos xa firmados polo Alcalde en meses anteriores non van ter crédito neste orzamento, como é o caso do Servizo de Renting dos Servidores, un contrato a 4 anos que supón anualmente uns 65.000 euros e outras contratacións máis que foron xus-

tificadas con documentación entregada no Pleno pola portavoz do PP, Belén Villar, ao secretario municipal, pero aínda así o Sr Represas "tirou para adiante", cometendo unha nova irregularidade.

A maiores do Orzamento 2018, aprobáronse outros dous puntos para "declarar indisponíbles créditos por importe de case 350.000 euros" que este Goberno municipal vai quitar das prazas vacantes de persoal para atender "en algún momento" as peticións de sindicatos e empregados municipais que reclaman melloras salariais dunha futura RPT, e aos taxistas que dende fai tres anos piden ao Goberno que cumpran co que lles prometeron cando es-

taban na oposición.

Esta aprobación de créditos indisponíbles é un acordo nulo porque non existe crédito suficiente no montante total das prazas vacantes, xa que cos decretos que leva firmado o Alcalde no que vai de ano dita partida a día de hoxe está consumida nun 70%, afirmación que foi xustificada pola voceira do grupo popular que aportou ao secretario municipal copia de todos os decretos mencionados, pero que non serviu para que o Alcalde rectificase e aceptase a petición de PP, ACIP e incluso EU, de pedir un informe ao Interventor municipal para que cuantificase canto se gastou e canto queda nesa partida de prazas vacantes.



E xa finalmente esa "euforia" do Goberno cando afirma que "este é o orzamento máis alto da historia", perde importancia cando máis de 3,2 millóns de euros se corresponden ós novos préstamos que vai asumir o Concello durante oito anos e a unha parte da subvención concedida polo Ministerio do Plan Edusi".

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas sela o seu compromiso co pobo saharauí un ano máis

O representado goberno de Ponteareas representado polo Alcalde Xosé Represas e a concelleira de Ensino e Participación Cidadá, Cristia Fernández, recibiu no salón de plenos ás familias que baixo o programa “Vacacións en Paz” acollen a nenos e nenas saharauís grazas ao esforzo e compromiso de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

O goberno e a asociación veñen de asinar un convenio por valor total de 6.000€ que permitiu o financiamento dos traslados e viaxes destes pequenos e pequenas que durante a tempada estival forman parte da veciñanza enriquecendo coa súa cultura as vivencias destas familias.

Dende o ano 92 Ponteareas amosa o seu lado máis comprometido sendo unha das vilas con máis familias acolledoras. Solidariedade Galega co Pobo Saharauí informa de que xa está aberto o prazo para que todas as familias que o desexen acollan no verán do 2019 a un neno ou nena dos campamentos saharauís brindándolles así a oportunidade de coñecer mundos novos, tratar posibles doenzas



e solventar algunhas carencias provocadas pola vida nos campamentos saharauís.

Acoller é máis doado grazas á colaboración do concello de Ponteareas que financia os traslados facendo que as familias beneficiarias non teñan que afrontar os gastos de desprazamentos dos cativos e cativas e tan só terán que recibilos nos seus fogares e desfrutar desta marabillosa e fermosa convivencia na que as dúas culturas se funden conformando unha soa familia.

Os distintos convenios coa Seguridade Social, ópticas, dentistas e distintas especialidades sanitarias tamén supoñen un alivio económico para as familias e ofrecen cobertura sanitaria, incluídas

oftalmolóxica, odontoloxía e auditiva.

Para premiar este compromiso e facilitar a conciliación familiar o concello de Ponteareas estuda reservar prazas nas actividades de verán como os campamentos do Campus Tea para que os e as saharauís poidan participar como calquera outro ponteareán ou ponteareá.

A organización adianta que precisa familias acolledoras que coa súa xenerosidade permiten a estes pequenos e pequenas coñecer outro xeito de vida e ver atendidas as súas necesidades máis básicas en canto a saúde. Todos os interesados e interesadas deben contactar no teléfono 986 26 26 37.

Ponteareas deixa a súa impronta floral en Bruselas



Un grupo de alfombristas de Ponteareas viaxaron o día 14 a Bélxica para participar no “Brussels Flower Carpet”, un dos máis grandes eventos da arte efímera na que Ponteareas aporta a tradición máis longa e a calidade e variedade dos materiais naturais.

Os seis alfombristas participarán na noite do 15 para o 16 na confección dunha alfombra na Grand Place da capital belga de máis de 1.800 metros cadrados, nun espazo declarado como patrimonio da Humanidade.

“Esta representación reforza aínda máis a internacionalización das alfombras florais de Ponteareas nese camiño aberto por este goberno coa solicitude da declaración de Ben de Interese Cultural que xa teñen as alfombras belgas e que amosa o necesario re-

coñecemento das nosas aos ser de máis longa tradición”, explica o Alcalde.

A delegación española estará representada por alfombristas de Bueu pero tamén de México, Italia, Japón, Alemaña, Malta e da propia Bélxica.

A alfombra da Grand Place comezará a realizarse na madrugada do día 16 cun deseño que abarcará 77 metros de longo por 24 de ancho con máis de cen persoas traballando durante catro horas.

Os e as nosas alfombristas traballarán no deseño creado pola delegación mexicana e que poderá visitarse durante tres días ata o 19 de agosto.

Ademais, a impronta floral de Ponteareas quedará reflexada na rúa de acceso ao Palacio da Bolsa nas inmediacións da Grand Place na alfombra que realizará de xeito conxunto cada delegación.

Xornal galaico-portugués busca

XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO

Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Arbo estrea sendeiro paisaxístico e etnográfico no río Deva

Unha pasarela de madeira e escaleiras, un panel interpretativo con toda a información sobre o carreiro... son algunhas das novidades que ofrece o concello para gozar dunha boas vistas do Río Deva e a súa desembocadura no Miño.

Os traballos realizadas e financiados pola Consellería de Medio Ambiente., que contaron cun orzamento que roldou os 24.000 euros, tiveron como obxectivo mellorar o carácter de utilidade pública deste carreiro co fin de garantir unha interacción equilibrada entre o seu uso e a conservación dos seus valores naturais, en particular, aqueles relacionados cos hábitats e coas especies de intereses comunitario prioritario, como a *Alnus glutinosa* ou a *Fraxinus excelsior*.

O carreiro percorre a zona de servidume da marxe dereita do río Deva, desde a praia fluvial de San Xoán ata o viaduto do ferrocarril situado no barrio da Almuña. Este paseo únese no lugar da Almuña co "sendeiro Río Miño-Río Deva", que parte desde o lugar da



Estación, onde hai un mirador situado no alto dende o que podemos descubrir unhas boas vistas da paisaxe galega: a desembocadura do Deva no Miño, as pesqueiras, a Ponte Internacional, a praia fluvial da Estación e o noso país veciño Portugal. Ten unha lonxitude de 550 metros, unha dificultade fácil e un interese etnográfico, paisaxístico, botánico e faunístico.

Adxudicación das obras na estación de bombeo de Granxa-Sela e ramal de saneamento no Escampado-Cabeiras

O pasado 1 de Agosto o alcalde de Arbo, Horacio Gil Expósito, asinou a adxudicación para a execución da actuación denominada "Melloras na estación de bombeo de Granxa-Sela e ramal de saneamento no Escampado-Cabeiras",

Na memoria do proxecto técnico indícase que as obras consisten basicamente en dar resposta ás deficiencias que presenta o bombeo de A Granxa co acondicionamento da zona próxima que estivo afectada polos alivios do pozo, para o cal procederase a instalación dunha bomba nova, de iguais caracte-

rísticas á existente, reporase no cadro eléctrico os elementos precisos para o seu correcto funcionamento, arraxase a arqueta de chegada para evitar fugas dende o seu interior e dotarase ao sistema dun nova aliviadeiro, e arraxarase as proximidades do pozo de bombeo de maneira que permita ter un sobreancho o vial e permítese o cruce e o cambio de sentido dos vehículos ao tratarse dunha rúa sen saída. Tamén preténdese dotar de saneamento ao barrio de O Escampado, cunha solución por gravidade a través do camiño público que comunica o barío co vial xeral máis abaixo.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO seguros



DECEOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...
tel. información: 609 544 351

Forjados
Hnos. Duran S.L.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

MISCELANEA

FESTIVAL DE JAZZ

— **25 de agosto**

12:30h, Rúa Rogelio Groba **DOUS**

22h, Fonte do Baratillo **BRAIS SERGIO GUS TRÍO**

23h, Paseo Matutino - Pontearas Cidade **VOODOO MR RIVER**

— **26 de agosto**

22h, Praza Maior **EJAZZ**

ALBERTO VILAS QUARTET & DIANA TARÍN

PONTEAREAS CONCELLO

SON DO PAZO '18

IV FESTIVAL INTERCÉLTICO · 31 AGOSTO · 1 SETEMBRO · MOS

VENRES 31 · 22:30 H

AIRIÑOS DO CASTELO

LEILÍA · H2FOLK

SÁBADO 1

18:30 H · ESCOLA DO INFINITO

A VACA LOURA VERMELA · AS MAIMINAS

19:30 H · 21:00 H

TREBOADA BAIXO MIÑO · XISCO FEIJÓO

21:30 H

XABIER DÍAZ

E ADUFEIRAS DE SALITRE

BACKWEST

IRLANDA

ANDOA

Introducións amigables por obxeitos do Castelo Bar - Artesanía - Food Trucks

seguinte f t i i /sonadopazo

10 ANOS

ARMADIÑA

Estrella Galicia

ROCK 2018

24/25/26 AGOSTO (COMBARRO)

LA PEGATINA

AMPARANOIA

SES TERBUTALINA

BANDA XANGAI ZENZAR

SONORO MAXÍN THE LAKAZANS

SKANDALO GZ A BANDA DA LOBA

NOITE FECHADA DUDERAN CHAMPURBADA

VOODOO BAIKAN PARADISE ORCHESTRA

CONCERTO PUNK INFANTIL SUGERIDA DE GUERREIRAS PANFOLIA FANTASIA

SERIÓNS VERMEL ARMADIÑA KIDS CONFERENCIAS EMBARGACIÓNS TRADICIONAIS TERRA EXPOSICIÓNS E MOITO MÁIS!!!

WWW.ARMADIÑA.GAL · ARMADIÑA ROCK ARMADIÑA GAL · ARMADIÑA ROCK · ARMADIÑA ROCK · ARMADIÑA ROCK

ARMADIÑA

32º festival da poesía no condado

teatro exposicións palestras deporte zona de campismo feira de artesanato e colectivos

1 de setembro // salvaterra do minho

rebelión do inframundo

sondarúa

donicelas

sacha na horta

ronco&fol

banda xangai

habelas hainas

concerto punk infantil

brais das hortas e peter punk

berta dávila antón blanco elvira ribeiro xurxo soto nolin claudia pato vietcong instances cen mil estorninos verónica martínez delgado manuel darriba andrea nunes e maria rosendo

festivaldapoesia.org

SCD-CONDADO

SAUVERRA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

QUE NOME TE SILENCIEM

Fortaleza de Valença totalmente requalificada na primavera

Valença avança com a última fase da requalificação da Fortaleza. Até à primavera de 2019 Valença ficará com a Fortaleza completamente renovada.

Ruas mais funcionais e ordenadas, mais espaços verdes, estacionamento ordenado, circuitos pedonais e renovadas infra-estruturas serão algumas das marcas da qualificação do principal ex-libris de Valença.

4ª e última fase de obra vai implicar um investimento de cerca de 1 milhão e 900 mil euros.

Com esta fase fecha-se o ciclo de requalificação do Centro Histórico que começou em 2004 e que, com esta obra, implicou um investimento superior a 8,5 milhões de euros.

O espaço público da Fortaleza, intra-muros, vai ficar completamente remodelado, no que toca às infra-estrutura, desenho e funcionalidades das ruas e praças. Uma obra que eliminará definitivamente os cabos elétricos e de telefones suspensos e as antenas recuperando a zona histórica uma matriz mais original. As infraestruturas

passam todas para as galerias técnicas, ganhando esta área da Fortaleza novos serviços como a tv-cabo e o gás.

Estacionamento ordenado, mais espaços verdes, circuitos pedonais nos topos da muralha, novo mobiliário urbano serão algumas das notas da obra, adaptando os conceitos base já estabelecidos nas intervenções anteriores, no Centro Histórico e contam com o cunho do arquiteto Eduardo Souto Moura.

A Fortaleza é o principal monumento de Valença, atrain-



do por ano mais de 2 milhões de visitantes. Com a conclusão da 4ª e última fase Valença fecha um ciclo de intervenções que tem pretendido potenciar a atratividade turística, comercial e habitacional do cen-

tro histórico.

Esta obra vai ser financiada pelo programa comunitário Norte 2020, através do Plano de Ação de Regeneração Urbana, com uma taxa de 85%, do valor elegível.

Cerveira e Valença ativam primeiro Centro Intermunicipal de Proteção Civil de Portugal

Já se encontra operacional a 1ª fase do Centro Intermunicipal de Proteção Civil do Cerval, o primeiro do género em Portugal, aglutinando no mesmo espaço os recursos e viaturas da Proteção Civil dos dois concelhos promotores – Vila Nova de Cerveira e Valença –, de ambas as equipas de Sapadores Florestais e da AFOCELCA, equipa de primeira intervenção e vigilância. O IPMA - Instituto Português do Mar e da Atmosfera também avançou com a renovação do centro já existente, disponibilizando dados meteorológicos mais permanentes que, em muito, poderão ajudar na prevenção dos fogos florestais.

Concluídos alguns trabalhos de beneficiação de um dos pavilhões localizados no Aeródromo de Cerval, a essência deste mecanismo de cooperação intermunicipal começa a ser uma realidade no terreno. Já se encontram estacionadas as viaturas afetas à Proteção Civil dos dois concelhos e às equipas de Sapadores Florestais



20-111 e 19-111, para além da equipa AFOCELCA, instituição que funciona como agrupamento complementar de empresas e que possui uma estrutura profissional de combate aos incêndios florestais, nas propriedades das empresas agrupadas, em estreita coordenação e colaboração com a Autoridade Nacional de Proteção Civil.

Simultaneamente o IPMA, que dispõe de um centro ali instalado, também procedeu a uma reatualização dos métodos utilizados, passando a disponibilizar dados meteorológicos específicos e úteis de

apoio ao trabalho do Centro Intermunicipal, com atualização de 10 em 10 minutos.

De futuro, o objetivo de Vila Nova de Cerveira e de Valença passa pela formalização do modelo numa Associação Intermunicipal de Proteção Civil, através da qual os municípios possam apresentar uma candidatura conjunta a fundos comunitários para obter apoios para desenvolver e alargar este projeto. Enquanto instrumento de cooperação, o Centro Intermunicipal de Proteção Civil no Cerval pode ainda estabelecer parcerias de colaboração com outros agentes de Prote-



Jardim de Infância da Santa Casa duplica capacidade após requalificação do edifício

Com conclusão prevista a tempo do início do próximo ano letivo, as obras de beneficiação e modernização de todo o espaço do Jardim de Infância da Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira vão pratica-

mente disponibilizar o dobro da capacidade de acolhimento, passando de 45 para 84 crianças. Empreitada teve um investimento global superior a 250 mil euros, participada pelo Fundo Rainha D. Leonor e pela Câmara Municipal.

ção Civil no âmbito do Dispositivo de Combate a Incêndios Florestais e demais matérias da competência da Proteção Civil.

Privilegiando a centralidade estratégica, este acordo in-

termunicipal aponta ainda para a promoção da melhoria e capacitação das infraestruturas do Aeródromo de Cerval na área de influência dos meios aéreos e terrestres no âmbito operacional de Proteção Civil.

MISCELANEA

Xoán Carlos González encabezarán a candidatura do BNG de Redondela ás eleccións municipais

A proposta contou co apoio unánime da Asemblea Local. Segundo o edil nacionalista: "Traballar polos intereses dos e das redondeláns, constitúe un aliciente político e persoal".

O proceso de elección de cabeza de candidaturas para as eleccións municipais que a organización nacionalistas vén desenvolvendo nas últimas semanas, tamén chegou a Redondela. Con tal motivo, en vísperas da celebración do Día da Patria, a Asemblea Local tomou a decisión de eleixir a persoa que vai a ocupar o número 1 da lista.

Na valoración feita dende a Asemblea, tívose en conta "a traxectoria, a liña de traballo e o compromiso político que o compañeiro Xoán Carlos González, viu desenvolvendo nestes catro anos, como voceiro municipal do BNG". As diversas propostas prantexadas ao longo do mandato, nas que destacaron a defensa dos intereses dos veciños e veciñas, xunto a un Proxecto de Concello, que prima os intereses colectivos, fronte aos particulares, tamén pesaron na decisión.

Nas diversas intervencións,

destacouse como "sendo voceiro do BNG, enfrentou con firmeza e determinación, mais tamén presentado alternativas ao goberno de Javier Bas".

Para Xoán Carlos González, "a decisión asumida polo resto de compañeir@s, supón unha grande responsabilidade, pois que pensaran en min para defender un Proxecto, no que a veciñanza debe recuperar protagonismo, non é doado".

O agora candidato nacionalista considerou ao goberno de Javier Bas "nocivo para a veciñanza. No noso concello vívese peor agora que hai oito anos, e iso malia todo un despregue propagandístico, que pretende agochar os principais problemas que afogan á veciñanza". Afirmar que "as fórmulas para pretender controlar, dende a oposición, ou vía regulamentos, ao goberno do PP certificouse como fracasada".

Salienta o voceiro nacionalista diversos contactos con colectivos e particulares que teñen prantexado a necesidade dun cambio en Redondela. "Dende o respecto ás diferentes forzas, estannos demandando prantexar acordos de goberno. Aspiramos a que



o BNG, asuma un papel moi destacado nese novo goberno que non queda máis remedio que chegue vía consenso", afirma.

Para o candidato nacionalista, "a reversión social dos investimentos fuxindo da propaganda e os personalismos, recuperar espazos para a cidadanía nos núcleos urbanos, xunto a que nas parroquias disfruten das mesmas infraestruturas, nun diálogo permanente con entidades e institucións, dando prioridade ás políticas sociais, seguen a ser as bases do Proxecto Político do BNG, que seguiremos a defender en Redondela".

Acto e colocación de placa en memoria de Carmen Pesqueira, "A Capirota"



A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica de Marín convida ao acto de lembranza e homenaxe a Carmen Pesqueira Domínguez, "A Capirota", veciña de Marín asasinada no macabro verán de 1936 no Pozo da Revolta, no lugar de Bagüín. Muller valente e loitadora polos dereitos das traballadoras e traballadores, a barbarie fascista acalou a súa voz reivindicativa de xeito vil e covarde; mais non a borraron da nosa memoria, nin puideron evitar que ata nos chegara o exemplo e a semente da súa vida inmolada por berrar as inxustizas.

Durante o acto, que será o vindeiro sábado 18 de agosto

e comezará ás 11:30 h., atendendo ao acordo unánime do Pleno do Concello de Marín celebrado o pasado 9 de maio, terá lugar o descubrimento dunha placa conmemorativa na nova Praza e Xardín que levará o nome da nosa veciña na Rúa da Roda, coa presenza e participación de familiares da homenaxeada.

Tras a presentación e benvida a cargo da presidenta da asociación, Enriqueta Otero, contaremos coa intervención de Xina Vega, profesora da Universidade de Vigo e investigadora, e acompañaranos a música da man de Xistra, dúo de música clásica e contemporánea, e de Picuñña, cuarteto tradicional de gaita.



José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123
e-mail rodriguezcasal@notariado.org



Museo del Pan Gallego

EMPANADA - TARTAS
ROSCONES - VICAS
PAN DE CENTENO Y MAÍZ
fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -
Todo ello fabricado
en horno de leña
por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9
28013 Madrid
Tfno. 91 542 51 80

museodelpangallego@hotmail.com
www.museodelpangallego.com

Casa Gallega
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA



C/ Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 50 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com

Os deportistas mosenses continúan a traer medallas para Mos



Heber Rodríguez erixiuse Campión de España de Triatlón Indoor por terceiro ano consecutivo e o Club de Natación Mos acadou un ouro e dúas pratas no Campionato Galego.

No Club de Natación Mos destacou o labor dos medallistas mosenses no Campionato Galego: Naiara Eijo, Subcampiona Galega Alevín, 200 metros espalda e Campiona Galega Alevín, 100 metros espalda 2018; e César Carballo, Subcampión Galego Infantil, 100 metros braza 2018.

Pola súa banda Heber Rodríguez Vaquero erixiuse Campión de España de Triatlón Indoor 2018 (campión nacional por terceiro ano consecutivo). Este mozo de 27 anos, ven de proclamarse Campión de España de Triatlón Indoor 2018 o pasado 16 de xuño en Madrid. Heber Rodríguez vive en Sanguñeda, é licenciado en In-

tegración Social, monitor de lecer e tempo libre especializado en persoas con discapacidade, monitor de comedor escolar e ten ata o nivel 2 de Lingua de Signos. Rodríguez leva tres anos facendo triatlón e catro adestrando no Centro Ponte da Fundación Isidre Esteve en O Vao.

O palmarés de Heber Rodríguez é digno de mención xa que en tan só tres anos acadou tres títulos autonómicos, tres títulos nacionais e un europeo. E é que este mozo veciño de Sanguñeda erixiuse Campión de España 2016 (Barcelona), Campión de España 2017 (Madrid), Campión de España 2018 (Madrid), Campión de Europa 2017 (Barcelona), Campión Galego 2016 (Vigo) e Campión Galego 2017 (Vigo/Ferrol) e 2018 (o Campionato Galego deste ano gañouno o pasado mes de marzo).

Cultura investirá máis de 500.000 na restauración da igrexa de Santa María de Baiona



O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, anunciou que o seu departamento ten previsto acometer a restauración da igrexa e excolexiata de Santa María, na localidade pontevedresa de Baiona. O orzamento previsto para esta actuación supera os 500.000 euros e con el acometerase a reparación da cuberta, das vidreiras, das fachadas e dos paramentos interiores. A actuación podería licitarse a finais deste mesmo ano 2018, en función das disponibilidades orzamentarias.

As obras consistirían na recuperación da totalidade da cuberta da igrexa, incluídas reparacións puntuais na estrutura da mesma, que

se sustenta sobre un teitume único a base de madeira a dobre vertente apoiada nos arcos feixóns. Así mesmo, desenvolveranse labores de limpeza e rexuntado de pedra das fachadas, para evitar filtracións de auga cara o interior da igrexa, repararanse as manchas de humidade nos paramentos interiores, renovarase os guarnecidos e renovarase a pintura onde sexa necesario. Así mesmo, arranxaranse e axustaranse as vidreiras da igrexa.

A igrexa de Santa María de Baiona é un ben incluído no listado da declaración de Ben de Interese Cultural da zona antiga de Baiona coa categoría de conxunto histórico. Asemade está incluído no ámbito de protección do Camiño Portugués (ruta da costa).



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BAIXO MIÑO

O consorcio do Louro prestará o servizo de baleirado de fosas sépticas domésticas

O Comité Directivo do Consorcio, na súa reunión do pasado luns día 30 de xullo, acordou prestar os servizos de baleirado de fosas sépticas, transporte e xestión dos lodos na depuradora de Guillarei.

A iniciativa xurde da necesidade de dar unha alternativa real e viable a aquelas vivendas que, a día de hoxe, non teñen posibilidade de conectar polo de agora ás redes de saneamento.

Unha resposta dos catro concellos ás demandas dos veciños e veciñas para que, mentres non sexa posible facer a conexión, as vivendas teñan garantido o servizo en igualdade de condicións e a un custe similar.

O servizo prestarase de xeito uniforme nos Concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui e estará regulado mediante unha ordenanza única, co mesmo prezo público nos catro concellos



e incluírá, de ser necesario, o servizo de limpeza e desentullo de canos e desaugadoiros.

O prezo por baleirado será de 100,86 € mais o IVE correspondente, ao que se lle engadirá unha taxa anual de depuración de 46,80 € que se liquidará unicamente co primeiro baleirado de cada ano natural.

Deste xeito, o Consorcio pretende facilitar aos veciños o mantemento periódico das fosas sépticas e pozos negros particulares, de tal xeito que se garanta a correcta xestión dos lo-

dos e se eviten verteduras incontroladas, o que, sen dúbida, repercutirá nunha melloría na calidade das augas dos pozos ou mananciais.

O acordo someterase a información pública para acadar a súa aprobación definitiva, momento no que se poderá solicitar o servizo presentando unha solicitude en calquera das catro oficinas do Consorcio.

O texto completo da ordenanza pode consultarse na web do Consorcio www.consorciodolouro.es

O BNG do Rosal denuncia o empeoramento do servizo médico en agosto

O BNG do Rosal denuncia as carencias que está a sufrir o servizo de atención primaria nos centros médicos de San Miguel de Tabagón e O Rosal.

Desde o pasado 1 de agosto, un so médico está a cubrir dúas prazas. Atende de 9 a 11 da mañá aos usuarios do Centro de Saúde de San Miguel de Tabagón e de 12:00 a 14:00 h cubre unha baixa médica no Centro de Saúde do Rosal. Por esa razón, os usuarios están a sufrir alteracións nas citas médicas xa concertadas e as novas solicitudes de consulta teñen unha demora de case dúas semanas.

No Pleno do pasado 28 de Xullo, a portavoz do grupo Municipal do BNG, Ánxela Fernández Callís, presentou unha moción para que o Concello esixira da Consellería de Sanidade o mantemento da Consulta de San Miguel, que xa sufrira deficiencias de dotación médica en veráns anteriores, e da que corrían



rumores do seu posible peche. A alcaldesa rexeitou a proposta do BNG asegurando que non existía ningún reaxuste en San Miguel. So catro días despois do pleno chegaron os recortes, non só para os usuarios de San Miguel, senón tamén para os do propio Centro de Saúde do Rosal.

Desde o BNG pensamos que a alcaldesa debe defender a atención médica para os veciños e veciñas do Rosal esixindo aos responsables da Consellería de Sanidade que cubra todas as prazas médicas do Concello, sen reaxustes de ningún tipo.

Case 19.500 persoas pasaron en xuño e xullo pola Oficina Municipal de Turismo de Tui

Son 3.300 persoas máis que no mesmo período do ano pasado.

Durante os meses de xuño e xullo pasaron pola Oficina Municipal de Turismo de Tui 19.467 persoas demandando información. Foron 3.392 persoas máis que no mesmo período do ano pasado cando se achegaran ata os puntos de información 16.075 turistas e peregrinos.

Durante o mes de xullo na Oficial Municipal de Turismo rexistráronse 7.684 turistas e 4.393 peregrinos. O día de maior afluencia foi o sábado 21 de xullo cando se realizaron 960 consultas, seguido do martes 24 de xullo con 833.

No turismo nacional no mes de xullo a principal procedencia foi Madrid con 1.473 persoas que nese mes pasaron pola Oficina Municipal, seguida de Barcelona con 396 demandas de información, e Valencia con 344 consultas, e houbo turistas de todas as provincias españolas. Xa no que se refire ao turismo internacional houbo visitantes de ata 32 países distintos. A procedencia maioritaria foi de Portugal, con 137 consultas, Alemaña con 127 e Reino Unido con 50, pero tamén houbo turistas de Nova Zelandia, China, Venezuela

ou Porto Rico.

No tocante aos peregrinos que en xullo se achegaron ata a Oficina Municipal de Turismo dos 2.355 nacionais a principal procedencia foi Madrid con 415, Granada con 242 e Albacete con 184. Os peregrinos internacionais, 2.038, chegaron principalmente de Portugal (513), Alemaña (356) e Italia (229)

Mentres en xuño achegáronse ata a Oficina Municipal de Tui 7.390 persoas das que 4.004 eran turistas e 3.386 peregrinos.

A Oficina Municipal de Turismo está situada na praza de San Fernando. Abre de 9 a 14 e de 15 a 20h de luns a domingo.

Unha asesora fiscal atende aos afectados de Paramos e Guillarei

Unha asesora fiscal comezou a atender aos afectados de Paramos e Guillarei informándoos da repercusións fiscais que poden ter as axudas que poñan recibir tendo en conta a situación actual onde teñen que tributar por elas. Esta asesora fiscal estará os martes e xoves de 10 a 14h no Centro de Afectados en Guillarei. É recomendable que os veciños leven a última declaración da Renda ou documen-

tación que acredite os seus ingresos. Esta asesora fiscal non atenderá o martes 14 e o xoves 16 de agosto.

Por outra parte neste mes de agosto o Centro de Afectados cambia o seu horario e atende aos veciños de 9 a 14h de luns a venres. Alí continúa tamén os xoves de 9 a 14h o experto en seguros asesorando aos damnificados ante as súas compañías de seguro. Cómpre lembrar que deben levar a súa póliza.

MOS

Inauguración do parque “O son do regueiro” en Torroso

O pasado 5 de agosto inaugurouse o parque “O son do regueiro” situado xunto ao Centro Dotacional de Torroso nunha parcela de 30.000 metros cadrados, na que se interviu nunha superficie de 8.900 metros cadrados.

Trátase dun parque adaptado para nenos e adultos, está construído con fondos da Comunidade de Montes de Torroso, xunto coa colaboración do Concello de Mos que instalou unha tirolina, a Deputación Provincial e Eurural.

Este novo parque, proxecto dos arquitectos Perfecto Cendón e Javier Vázquez, responsables tamén das primeira e segunda fases do Centro Dotacional do Medio Rural de

Torroso, trátase dun área de lecer na que predomina a temática musical, xa que o Centro Dotacional acolle a Escola Municipal de Música de Mos; contando o parque con varios elementos musicais a gran escala como tubos, xilófonos, e sambas en varias modalidades do instrumento.

O parque tamén inclúe dúas pistas deportivas, unha de baloncesto e outra de futbito, elementos biosaudables, mesas (varias delas con taboleiro de xadrez incorporado pensando no Club de Xadrez Mos que adestra no Centro Dotacional), bancos, xogos populares como a mariquitiña, o tres en raia e salto de lonxitude, pista de petanca e unha tirolina. Para ubicar as pistas deportivas



trasládase o espazo de aparcadoiro de sitio, optimizando a seguridade.

A Comunidade de Montes de Torroso construíu no ano 2016 o novo edificio do Centro Dotacional do Medio Rural de Torroso investindo 2.125.000 euros, no ano 2017 acometeu a segunda fase da obra coa ampliación do Centro Dota-

cional con 6 aulas de música máis, 1 sala multiusos e 1 sala para maiores cunha inversión de 825.000 euros e este ano 2018, a terceira fase do proxecto inclúe este parque con elementos biosaudables e musicais no que investiron 240.000 euros. A inversión total ascende a 3.190.000 euros.

O BNG propón cambiar os festivos locais

Un ano máis, ás voltas cos festivos locais. No pleno de xullo decídense os días que o concello considera que teñen que ser non laborables para o ano que ven, e desta vez o goberno do PP considera que teñen que seguir sendo o Día Da Rosa (13 de xuño) e San Mamede (7 de agosto).

Pois ben, un ano máis o Bng de Mos, e ningún outro partido, propón un cambio nestes festivos, e ten que ver con algo tan lóxico coma que as festas relixiosas teñen que deixar de ser a referencia para establecer os festivos.

A estas alturas non podemos seguir guiándonos por celebracións relixiosas para establecer días festivos. Por eso o Bng de Mos propuso ao pleno celebrar o Día da Rosa e o martes de entroido, proposta que foi rexeitada por todos os partidos.

Desde o Bng de Mos seguiremos traballando para una separación efectiva entre relixión e estado, para que entre outras cousas tamén desaparezan as misas e actos relixiosos do programa oficial das festas do concello.

Pazo de Mos

Ao pleno de xullo, o goberno local levou a segunda modificación do plan xeral que se leva a cabo neste mandato. Neste caso afecta á zona do pazo de Mos, contemplando a construción dun vial alternativo que evita o deterioro do entorno humanizado do Pazo de Mos. Esta opción foi reclamada desde fai anos e apoiada nesta aprobación polo BNG, que pide que a zona se faga peonil e se regule a carga e descarga para que o entorno do Pazo de Mos sexa o referente que debe de ser para os que visitan o noso concello e por suposto para todos os habitantes de Mos.

Arrancan as obras do novo Parque da Auga da Pesqueira

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, informou do inminente inicio das obras do Parque da Auga da Pesqueira, xunto ao Paseo do Louro ao seu paso pola parroquia de Mos, no que se investirán preto de 180.000 euros. A área de lecer incluírá zonas de descanso, xogo e deporte para nenos e adultos nun lugar moi transitado polos usuarios do paseo fluvial do Louro

Os traballos fináncianse con cargo a dúas axudas, unha autonómica e outra provincial. Os labores que asume a axuda da Xunta de Galicia -por parte da consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia que dirixe a conselleira Beatriz Mato- comezaran xa a semana próxima e consistirán en obras de acondicionamento e restauración ambiental e paisaxística mediante desbroce, poda, control de vexetación, acondicionamento e regu-



larización do terreno; así coma na plantación de árbores de especies autóctonas e plantas.

Por outra banda, a parte da obra que se financia con cargo ao Plan Concellos 2018 da Deputación de Pontevedra atópase en procedemento de contratación da empresa adjudicataria. Procedemento que quedará rematado no presente mes de agosto para poder iniciar os traballos canto antes.

A execución das obras do Parque da Pesqueira conleva a instalación de diversos equipamentos tales coma

zona de xogos de auga, zona de elementos biosaudables, e zona de xogos infantís; e incluírá a instalación de rego, sistema de alumado, rede de saneamento e abastecemento, e unha caseta de control para a rede de abastecemento de auga. Os traballos completaranse cos labores de xardinería e instalación de mobiliario.

A área de xogos persegue o obxectivo da inclusión de tódolos nenos, tendo en conta ás posible minusvalías que poidan sufrir, conseguindo deste xeito que tódolos nenos

se integren totalmente no xogo e que poidan acceder facilmente ás instalacións, tanto os nenos como os pais ou acompañantes.

O Concello de Mos adquiriu mediante compra a particulares 4.000 metros cadrados de terreos para a realización do novo parque na Pesqueira que incluírá diversas áreas de xogo para distintas idades, zonas de recreo e lecer, e un Parque da Auga.

A idea de incluír un novo Parque de Auga surxiu da enorme afluencia e o gran éxito que ten o xa existente Parque da Auga de Sanguñeda. “Agora con este novo proxecto crearemos un Parque da Auga a maiores no outro extremo do municipio e nunha zona, como é o Paseo do Louro, enormemente transitada e concorrida pola veciñanza mosense, tanto para facer deporte como para pasear ou compartir o tempo de lecer cos máis cativos das familias”, declarou Arévalo.

BAIXO MIÑO

En marcha a nova avenida de Tomiño

O 9 de agosto de 2018 será lembrado en Tomiño como o día de inicio das obras da nova avenida que rodeará o Seixo, unha infraestrutura que acadou o acordo de tres administracións diferentes (Deputación, Concello e Xunta de Galicia) para retirar o tráfico de paso do núcleo da vila, permitir un desenvolvemento ordenado do municipio e a súa conectividade cunha maior calidade urbana para a veciñanza. Para facer honra á importancia do evento, a presidenta da Deputación Carmela Silva, o deputado Uxío Benítez, a alcaldesa Sandra González, e o xefe territorial de Infraestruturas José Luís Díez Yáñez, protagonizaron un acto oficial para poñer a 'primeira pedra' da obra e soterrar no inicio da traza unha cápsula do tempo na que se incluíu documentación sobre o proxecto, xornais do día e moedas de curso legal.

A nova estrada funcionará como unha rolda ao centro urbano que evitará o paso de 10.000 vehículos polo núcleo, ademais de conectar con equipamentos como o centro de saúde, a residencia asistida, e mesmo o IES de Tomiño, pero tamén enlazará coa futura vía de Alta Capacidade (VAC) Tui-A Guarda, polo que servirá para os desprazamentos entre Portugal e o Baixo Miño e a zona de Vigo.

A lonxitude da vía será de 1.318 metros e a súa sección terá 16 metros de largo medio, dez destinados ao dobre sentido de circulación, e seis a unha senda peonil e ciclista pola marxe esquerda.

O convenio para facer a obra asinouuse en agosto do pasado ano, que permitiu dar os pasos formais para poder chegar ás obras. En canto ao orzamento, segundo dixo o deputado, a execución desta actuación chega



ata os 3.545.623,60 euros, que se repartiron en 2.351.163,26 euros aportados pola Deputación provincial, 261.240,36 euros polo Concello de Tomiño, e 933.219,98 euros pola Xunta de Galicia en concepto de expropiacións, a dividir en diferentes anualidades.

A alcaldesa de Tomiño Sandra González destacou que grazas á nova infraestrutura o crecemento urbanístico do casco urbano será máis ordenado,

xa que servirá de eixo ou columna vertebral do municipio. "Non só é unha obra, unha infraestrutura, é un cambio radical." González sinalou que coa nova estrada "estase a cumprir o soño" de ver un concello de Tomiño "pensado para as persoas" no que se aplican criterios de mobilidade sustentable, segura e inclusiva, destacando a creación da senda para o tránsito peonil e ciclista.

As persoas atendidas polo servizo de axuda no fogar en Tomiño incrementouse un 71% en tres anos

O programa de axuda no fogar impulsado polo Concello de Tomiño búscase prever ou compensar a perda de autonomía de parte da veciñanza para intentar promover unha mellor calidade de vida, realizando ademais actividades da vida diaria e favorecendo a integración dos usuarios evitando situacións de illamento. Este servizo, xestionado en Tomiño pola empresa IDADES, atendeu o ano pasado a un total de 132 usuarios. Unha cifra moi elevada e que creceu considerablemente respecto a anos anteriores. Un crecemento do 33,33% respecto ao ano 2016, cando se atenderon 99 persoas; 43,48% máis que en 2015, cando foron atendidas 92, e un incremento de máis do 71% respecto a 2014, cando se atenderon a 77.

Este crecemento de beneficiarios do servizo de dependencia e axuda no fogar tamén supuxo obviamente un incremento da partida orzamentaria do Concello para estes servizos. Dos 604.466,40 euros que se destina a Servizos Sociais, 405.652,84 van dirixidos a dependencia e axuda no fogar, case un 105% máis respecto ao 2014.

O servizo atende principalmente a persoas maiores con déficit de autonomía e persoas con discapacidade ou con enfermidade psiquiátrica.

Respecto ao programa de valoración, orientación e información dos Servizos Sociais do Concello, o ano pasado foron 605 as persoas atendidas. No que abrangue ao colectivo de persoas maiores, atendeuse especialmente consultas sobre as revisións anuais das pensións



non contributivas, así como as súas solicitudes e tramitacións. A maioría de persoas con discapacidade e dependencia acudiron aos Servizos Sociais do Concello para solicitar e tramitar o recoñecemento do grao de discapacidade ou da situación de dependencia. Moitas son as per-

soas e familias que demandan información, orientación e asesoramento en canto ao servizo de axuda no fogar.

O Concello de Tomiño tamén ten posto en marcha, dende o seu lanzamento no 2016, un servizo especializado de atención xurídica á muller, que dende a súa creación ata

a actualidade ofreceu unhas 250 consultas. Trátase dun servizo cofinanciado na actualidade pola Secretaría Xeral da Xunta de Galicia, a través da subvención que anualmente convoca este organismo para a prevención da violencia de xénero e á que se acolle o Concello.

Nos próximos días o departamento de Servizos Sociais do Concello de Tomiño pasará a denominarse Benestar e Igualdade. O motivo do cambio de nomenclatura "é darlle ao departamento un enfoque máis positivo", tal e como explica a concelleira, Cristina Martínez. O funcionamento será exactamente o mesmo. Unicamente se levará a cabo ese cambio de nomenclatura, que se verá reflexado na páxina web do Concello e na información institucional.

SALCEDA DE CASELAS

O Concello de Salceda solicita unha segunda escola infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos

O alcalde do Concello de Salceda de Caselas, Marcos Besada, a Concelleira de Benestar Social, Teresa Pérez, e o Arquitecto Municipal, Rubén Martín, reuníronse onte en Santiago de Compostela co xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, co obxectivo de presentar o proxecto da nova escola infantil de Salceda de Caselas.

O Concello de Salceda propúxolle ao Consorcio a construción desta segunda Escola Infantil na parcela anexa ao novo Centro de Saúde, na Rúa Mártires de Sobredo, por ser unha parcela que conta xa coas calificacións correspondentes (destinada a servizos), e da que se podería dispoñer de xeito inmediato para a construción da escola. Os representantes municipais amosaron durante o encontro o proxecto da nova escola infantil, elaborado seguindo as pautas marcadas polo equipo técnico do Consorcio, prantexándose unha escola da mesma capacidade que a escola actual (61 prazas). Por parte do Consorcio, o Xerente comprometeuse a buscar financiamento para poder executar as obras canto antes, e por parte do Concello, os técnicos comezarán a traballar xa no proxecto definitivo da



escola.

En canto á financiación, Perfecto Rodríguez explicou que a achega do Consorcio de Benestar «segundo os parámetros marcados polo FEDER» (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) cos que se cofinancia a actuación, sería de 10.000 € por praza (610.000 € no caso de Salceda), quedando a cargo do Concello de Salceda a achega restante, que suporía en torno aos 200.000 €.

A necesidade dunha segunda escola infantil no caso de Salceda de Caselas está máis que xustificada, tendo en conta que para o vindeiro curso un cento de nenos e nenas se quedaron sen praza na escola existente na actualidade na Rúa Ador. Cabe lembrar que Salceda está á cabeza do País en canto á taxa de natalidade se refire, con máis de 100 nacementos por ano nos últimos anos, polo que as prazas existentes na actualidade, tanto públicas como privadas, se fan insuficientes para acoller toda a demanda.

A praza de abastos exemplo na loita contra as bolsas de plástico

Os praceiros e as praceiras de Salceda de Caselas, en colaboración co Concello, distribuirán de xeito gratuito bolsas reutilizables entre os seus clientes e clientas, para contribuír así á eliminación do uso de bolsas de plástico. Esta iniciativa pon de manifesto unha vez máis a colaboración entre o Concello de Salceda e o sector do comercio, nesta ocasión centrado nos vendedores e vendedoras que exercen a súa actividade na praza de abastos municipal.

Dende o pasado 1 de xullo está prohibido subministrar bolsas de plástico de xeito gratuito, polo que os establecementos están obrigados a cobrar entre 5 e 15 céntimos por elas coa finalidade de adaptarse á directiva europea, que ten como obxectivo último eliminar as bolsas de plástico para o 2021. Segundo o Ministerio de Agricultura e Pesca,

Alimentación e Medio Ambiente, cada persoa consume 144 bolsas de plástico anuais e o 90% son de un só uso, o que se ten convertido nun verdadeiro problema para o medio. Cada ano, ata 12 millóns de toneladas deste material chegan aos mares e océanos e afectan a máis de 550 especies. En España xenéranse cerca de 70.000 toneladas anuais, o que equivale a uns 6.700 millóns de unidades.

Loli Castiñeira, Concelleira de Comercio: “os praceiros e praceiras de Salceda comprométese tamén co medioambiente, e con esta medida trasladaremos esa inquietude á clientela da Praza de Abastos. Temos que agradecer a implicación amosada, e lembrar que no Concello de Salceda sempre atoparán apoio para este tipo de iniciativas, favorables tanto para os veciños e veciñas como, sobre todo, para o medioambiente”.



BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
 PONTEAREAS
 Teléf. 986 660 826

ASER GALICIA
 CENTRO DE NEGOCIOS
 ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
 Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
 asesoria@asergalicia.com 986 640 015
 Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
 Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
 Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
 Ctra. de Salvaterra Ponteareas

LOURINHA

O PORRIÑO

A reforma da gardería de Torneiros estará rematada a finais de agosto

O Goberno local do Porriño vén de iniciar a obra de mellora e reforma da Escola Infantil A Galiña Azul de Torneiros, con cargo á liquidación do Consorcio Galego de Benestar, cun orzamento de 37.577,53€.

Os traballos, que comezaron a semana pasada, estarán rematados a finais deste mes de agosto e abranguen a retirada do perpiaño superior do inmoble, a colocación de novas baixantes, a reparación da caneta posterior e do comedor, coa demolición de varios tabiques; a eliminación das filtracións de auga; arranxo de muro de contención do xardín de xogos, substitución do pavimento; reconstrución do cadro eléctrico;



colocación dun novo pechamento metálico na entrada ou arranxo xeral do mobiliario, xogos, elementos e bábans.

A reforma, recuperación e reparación da Galiña Azul en Torneiros, non só era unha demanda longamente solicitada polas veciñas e veciños e res-

ponsábeis do centro, senón un dos compromisos da alcaldesa, Eva García de la Torre que, de novo, pide á Xunta a creación dunha nova gardería no Porriño, considerando que "somos o concello no que máis nenos nacen na provincia e o segundo en crecemento vexetativo de toda Galicia".

Recuperación da antiga escola de Covelo en Atios



Os traballos de recuperación da antiga Escola Unitaria de Covelo, na parroquia de Atios, están chegando á súa finalización logo dun traballo levado a cabo polas concellerías de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, e de Emprego e Formación e Benestar, a fronte das cales está Soledad Girón.

Precisamente, a Concelaría de Vías e Obras vén de rematar a colocación das fiestras, portas e persianas no inmoble, cun investimento total de 24.000€ con cargo ao 'Plan Concellos' da Deputación de Pontevedra.

Manuel Carrera sinala que as novas fiestras son de PVC, de cor branca no interior e alumiño no exterior, "gardando a estética xeral deste edificio que finalmente

podemos dicir que vaise a recuperar para as veciñas e veciños de Atios".

Novo tellado

O alcalde accidental lembra que "xusto hai un ano", substituímos o tellado que, daquela, estaba nun estado de total deterioro, polo que era "moi urgente" mudalo dada que as filtracións poderían causar o derrubo do mesmo.

Carrera subliña que, coma neste caso, aquela obra fíxose con cargo a dúas achegas da Deputación de Pontevedra, que abranguíaa a colocación dunha nova cuberta metálica de 3.800 quilos de peso, con tella cerámica sobre unha superficie total de 390 metros cadrados, para o cal dispúxose dun orzamento total de 60.080,71€.

Obras no campo de fútbol de Átios

A Concelaría de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, está realizando dende hai unha semana os traballos para levar o saneamento aos novos vestiarios e aos baños públicos do Campo de fútbol de Átios.

Carrera apunta que as obras contan cun orzamento total de 30.000€ e abranguen o ancheamento da estrada, dende a popularmente coñecida

coma 'chegada do Carballo' ata a Travesía de Novás, un treito de máis de 200 metros, "o cal mellorará a entrada e saída de vehículos dende o campo de fútbol".

Os fondos para acometer estes traballos, como subliña o alcalde accidental, corresponden ao 'Plan Concellos' da Deputación de Pontevedra, e a previsión é que os mesmos estean rematados a finais deste mes de agosto.



Talleres Guiller Motor

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

Panadería Pastelería A Fogaza

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

O PORRIÑO

240 nenas e nenos do Porriño participaron nos campamentos de verán

A concelleira de Benestar e Igualdade, Soledad Girón, entregou os diplomas ás nenas e nenos que participaron nos Campamentos de Verán do Concello, este ano. En total, sinala a concelleira, foron 240 participantes que puideron gozar durante 6 semanas de actividades coma xogos, deportes, excursións, ou saídas ao Museo do Mar de Galicia ou á Praia de Alcabre, en Vigo.

Este ano os campamentos, baixo o nome de 'Leo e as viaxes polo tempo', estiveron subvencionados pola Deputación de Pontevedra e tiveron coa obxectivo principal, subliña Soledad Girón, "ofrecer unha alternativa de lecer e tempo libre



ás nenas e nenos do Porriño durante o verán e, ao mesmo tempo, facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ás porriñesas e porriñeses".

Os campamentos, que se desenvolveron entre o 2 de xullo e o pasado 10 de agosto, estiveron a abertos a nenas e nenos

de entre 5 e 12 anos de idade—nados entre 2006 e 2013—, que puideron elixir ata 6 quendas distintas: a 1ª.- do 2 ao 6 de xullo; 2ª.- do 9 ao 13 de xullo; 3ª.- do 16 ao 20 de xullo; 4ª.- do 23 ao 27 de xullo; 5ª.- do 30 de xullo ao 3 de agosto e 6ª.- do 6 ao 10 de agosto.

A policía recupera un coche roubado

Agentes da Policía Local do Porriño recuperaron o pasado martes, no casco urbano, un coche que figuraba coma roubado en Vigo en novembro do ano pasado.

O xefe da Policía Local sinala que estas actuacións forman parte do Plan de Seguridade e

Prevención da Seguridade Cidadá posto en marcha dende a Concellería de Seguridade, que dirixe Lourdes Moure, e que ten coma obxectivos perseguir a comisión e prevención dos Delitos contra o patrimonio das persoas.

O coche, logo da súa recu-

peración, será entregado ao seu propietario, "logo da inspección ocular, co obxecto de localizar ao presunto autor ou autores do roubo do mesmo".

Dende a Policía Local recomendase aos veciños que, ante calquera tipo de incidencia, chamen ao número de teléfono 620404040, que é "inmediato e sen intermediarios".

Curso de loxística e carretilla elevadora

A Concellería de Formación e Emprego, que dirixe Soledad Girón, impulsa, por medio do 'Plan Porriño Accede', un 'Curso de Loxística e carretilla elevadora' que ten coma destinatarias a veciñas e veciños do Porriño que sexan demandantes de emprego.

Como sinala a concelleira, o prazo de inscrición para as interesadas e interesados en participar neste curso péchase nas vindeiras semanas, a formación, que será a cargo de especialistas de Maviva, empresa espe-

cializada en loxística de automoción que ten sedes en Vigo, Gondomar e O Porriño, abrangue preparación teórica e práctica nas instalacións da mesma.

'Porriño Accede'

O programa "Porriño Accede" é un programa que pon en marcha o Concello do Porriño, con fondos propios, e que pretende formar e insertar no mercado laboral ás persoas veciñas inscritas como demandantes de emprego, tendo como punto de partida as necesidades de contratación nas empresas.

CURSO DE LOXISTICA E CARRETILLA ELEVADORA

Se estás desempregado/a e empreado/a no Porriño, esta é a túa oportunidade. Inscríbete nos nosos oficinas ou vía mail. [Data límite: 31/08/2018]

Máis información: www.porriñoemprego.org
986 33 02 17

maviva

Porriño Accede

CONCELLERÍA DE FORMACIÓN E EMPREGO



Concello do Porriño

unha ollada diferente

As visitas “Tralas pegadas do tempo” darán a coñecer o patrimonio arqueolóxico

Tralas pegadas do tempo” é o nome das visitas guiadas, conducidas por arqueólogos que a concellería de Cultura e Patrimonio organiza para as próximas semanas. Trátase de catro rutas nas que dun xeito lúdico, participativo e experimental, os participantes poderán descubrir parte do patrimonio arqueolóxico do municipio e entender ás persoas e sociedades da prehistoria que habitaron o espazo xeográfico que hoxe en día ocupamos nós.

A través destas visitas guiadas poderase coñecer non só as manifestacións materiais que se conservaron ata hoxe, senón que o proceso divulgativo contará tamén como novidade cunha serie de actividades experimentais relacionadas cos modos de vida da prehistoria, tales como a descuberta do lume, introdución á caza, obradoiros de aerografía ou fundición de metais, que se realizarán de xeito previo á visita. Deste xeito, trátase de que o visitante amais de obter unha serie de coñecementos, consiga empatizar, valorar e crear un vínculo co individuo que deixou a súa pegada miles de anos atrás e tome conciencia do valor da preservación do patrimonio.

A primeira das citas terá lugar este venres, 17 de agosto, coa “Ruta dos petróglifos do Alto do Coello e Fontiñas”. Os participantes terán que estar ás 20.30h en Chan do Carrasco, Randufe, onde se realizará a actividade experimental e posteriormente sairase cara ao Alto do Coello para visitar os muíños naviculares e logo os petróglifos de Fontiñas.

O venres 24 de agosto realizarase a “Ruta dos petróglifos da Macoca e castro do Alto dos Cubos”. O punto de encontro será o parque



infantil da Macoca ás 20.30h.

A terceira visita será o sábado 8 de setembro coa “Ruta dos Petróglifos do Rachadón e Mámoas da Chan do Tetón” en Malvas. A derradeira será o sábado, 15 de setembro, ás Mámoas de Chan Longa e ao recinto fortificado do Monte Aloia.

Para participar nas vistas programadas é preciso inscribirse previamente a través do whatsapp 610 70 34 88, existindo un límite de 50 prazas por día. No caso de inclemencias meteorolóxicas ou alto risco de incendios serán adiadas.

Inscripcións abertas para o V Torneo de Tenis da Eurocidade

Este xoves, 16 de agosto, abrirá o prazo de inscrición para o “V Torneo de Tenis da Eurocidade”, que organiza o Club Tenis Tui, coa colaboración da Eurocidade Tui-Valença. Disputarase nas pistas de tenis da piscina municipal de Valença e nas pistas de tenis de Areas, dende o 13

ao 30 de setembro.

As inscricións poden realizarse a través da páxina www.ibertenis.com, do 16 de agosto ao 3 de setembro. O prezo da inscrición é de 5€ por participante, 8€ para as categorías de dobres, e dende júnior a benxamín todas as categorías terán a inscrición de balde.

Presentación do Libro «El Abrazo del Sauce» de May Ferreira

Este xoves 16 de agosto ás 21:00h realizarase no Centro Cultural a Presentación do Libro «El Abrazo del Sauce» de May Ferreira.

Pedagogía e Didáctica e Manuel Novás, Arquitecto Técnico e Directivo.

Intervénen: Elena Baz, Concelleira de Cultura; May Ferreira, Autora do libro; Manuel Campo Vidal, Presidente da Academia de Televisión, Periodista, Directivo en medios de comunicación e Sociólogo; José Manuel Malheiro, Profesor da Universidade da Coruña, Doutor en





ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

